

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O  
DIA 31 DE MAIO DE 2016**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ  
BERNARDO VARELA LÓPEZ  
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ  
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO  
RODRIGUEZ  
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA  
ALBERTO CONDE RODRIGUEZ  
MARIA ISABEL POISA REY  
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL  
M<sup>a</sup> DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ  
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

Polo PSdeG-PSOE:

SECRETARIO:

*Don Maximino Jardón Pedras*

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do día TRINTA E ÚN de MAIO do DOUS MIL DEZASEIS, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asiste a concelleira do Grupo PSdeG-PSOE, ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA, quen previamente comunicou a súa ausencia por razóns persoais.

Sen incidencias.

## ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **ELECCIÓN XERAIS do 26 de xuño do 2016.- Sorteo das mesas electorais.**
4. **Aprobación, se procede, do expediente de contratación dun subministro e adquisición dunha máquina barredora-aspiradora autopropulsada para o servizo de recollida de lixo mediante arrendamento financeiro con opción de compra (modalidade leasing).- Aprobación da convocatoria.**
5. **Moción do PP sobre a dotación de saneamento no medio rural.**
6. **Rogos e Preguntas.**

-----&&-----

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.**

*Aprobase pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión no momento da votación, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, sen modificación algunha.*

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

3. **ELECCIÓN XERAIS do 26 de xuño do 2016.- Sorteo das mesas electorais.**

Resultando que polo Real Decreto 184/2016, do 3 de maio, disolveuse o Congreso dos Deputados e o Senado e convocáronse eleccións, e que, de conformidade co disposto no artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, procédese á designación dos Presidentes e Vocais de cada Mesa Electoral, así como a dous suplentes para cada un dos membros da Mesa, mediante sorteo por procedemento informático aleatorio.

En previsión de que se produza nalgunha mesa un elevado número de vacantes por presentación e aceptación de excusas que dificulten a súa formación, o Pleno acorda, pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación Local, outorga unha delegación especial na Xunta de Goberno Local para celebrar un sorteo público para cubrir os cargos vacantes.

O carácter público da sesión respecta o criterio establecido pola Xunta Electoral Central (Acordo núm. 1/2014, do 6 de febreiro. Expte.140/279) trala Sentenza do Tribunal Constitucional 161/2013) que esixe que o sorteo se leve a cabo en sesión pública.

Resultado do sorteo:

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	1	A	IES

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	BARREIROS	PARADA	CARLOS	44455949P
1º Vogal	ALEJO	PEREZ	MANUEL	28529663A
2º Vogal	GALLEGO	MENOR	FELIX RICARDO	34938282F

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	GONZALEZ	COSTA	GONZALO	44497132K
2º Presidente/a	GRANDE	GRANDE	ERMITAS	34995830L
1º Vogal	CENDON	PEREZ	CONCEPCION	34709876R
1º Vogal	BARCEñAS	LUIS	CLEMENTINA ERIDAMIA	40714742N
2º Vogal	ALVAREZ	GARCIA	MARINA	34959735B
2º Vogal	FERNANDEZ	CORBILLON	OLIVIA	76724798H

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	1	B	IES

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	LOPEZ	SANCHEZ	MIGUEL ANGEL	76724876G
1º Vogal	RODRIGUEZ	LOPEZ	CONCEPCION	44476481R
2º Vogal	SEARA	SOTO	JUAN IGNACIO	34594070T

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	MATEOS	FERNANDEZ	ANA	47769828R
2º Presidente/a	RODRIGUEZ	MIRANDA	ANTONIO	34965780F
1º Vogal	SANTAMARIA	FERNANDEZ	ROSA NIEVES	71575564F
1º Vogal	MIRANDA	BABARRO	M ALICIA	34951829V
2º Vogal	MARTINEZ	PACHECO	MARIA CARMEN	10069098C
2º Vogal	MOUTINHO	FERNANDES	LEONIDA	39435568K

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	2	A	SANTA MARIÑA

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	FERNANDEZ	TRABA	FERNANDO BREIXO	76717358F
1º Vogal	CONDE	CONDE	MARIA JOSE	46897344E
2º Vogal	GALLEGO	CONDE	MARIA DOLORES	51361144M

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	BRIGOS	GALLEGO	OLALLA	50543925E
2º Presidente/a	CID	CID	PABLO	4446250R

1º Vogal	SABUCEDO	CASTRO	FRANCISCO JAVIER	34997527Z
1º Vogal	SERRANO	REY	JAVIER	51376571E
2º Vogal	DOMINGUEZ	EGAÑA	AINOHA	72579848J
2º Vogal	GALLEGO	CID	MANUEL	34925451C

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	2	B	ACEA DE MEIRE

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	FRAGA	CID	JESUS	44467795D
1º Vogal	GONZALEZ	VILA	MARIA CONCEPCION	15345679X
2º Vogal	GOMEZ	GONZALEZ	ADRIAN	34270377D

SUPLENTES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	RODRIGUEZ	DELGADO	MONICA	44480787Y
2º Presidente/a	GAVILANES	CONDE	RAQUEL	34967411M
1º Vogal	LOSADA	DOMINGUEZ	EMILIO MARCIAL	34965947J
1º Vogal	CID	PAZOS	CRISTINA	44490935B
2º Vogal	CONDE	DOMARCO	CELSO	76703876 <sup>a</sup>
2º Vogal	BLANCO	GONZALEZ	NOEL	76723573N

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	2	C	C.E.I.P. PADRE FEIJOO

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	PIÑEIRO	VEIRAS	GONZALO	76777845G
1º Vogal	MUÑOZ	GARCIA	CARLOS	72045085T
2º Vogal	ENRIQUEZ	FERNANDEZ	PABLO	44466392D

SUPLENTES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	CID	LOPEZ	BEATRIZ	44467746Y
2º Presidente/a	GONZALEZ	GARCIA	MANUEL	43193481X
1º Vogal	FERNANDEZ	FRAGA	DIEGO	44494566P
1º Vogal	RIVAS	FERNANDEZ	BRIAN	44495582N
2º Vogal	MACHADO	RIVAS	NURIA	15392211J
2º Vogal	SANTOS	OLMOS	MARIA SONIA	44467058P

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	3	A	IES

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	CID	VILA	EULOGIO	76328193W
1º Vogal	GONZALEZ	RODRIGUEZ	CRISTINA	34973401S
2º Vogal	GONZALEZ	GONZALEZ	SANTIAGO	34991248Z

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	ALVAREZ	GUEDE	RAUL	44454468E
2º Presidente/a	CARAMES	POUSA	ANGEL MANUEL	34255240Y
1º Vogal	ALVAREZ	MEL	RUBEN	44489636T
1º Vogal	CID	BABARRO	FRANCISCO CRISTOBAL	28870525M
2º Vogal	GARCIA	CEBREIROS	MARIA TERESA	34959614M
2º Vogal	DURAN	LOPEZ	EVARISTO	44449866C

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	3	B	IES

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	PEREZ	ALONSO	BEATRIZ	76718638E
1º Vogal	QUINTAS	SALGADO	MARIA ESTHER	15358008B
2º Vogal	VILLAR	DOMINGUEZ	ANGELA MARIA	44485417J

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	MENS	ALFARO	MONIKA ALEXANDRA	54435512D
2º Presidente/a	PEREZ	ELIAS	ANTONIO MAXIMILIANO	44499426S
1º Vogal	SANTAS	LOPEZ	IAGO	47355351F
1º Vogal	ROBLES DE	CASTRO	WENCESLAO	34966923T
2º Vogal	NUÑEZ	CURRAS	CARLOS	34572456Y
2º Vogal	NOVOA	URBANI	JOSE IGNACIO	15245367R

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
2	1	A	QUEIROÁS

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	ARIAS	LOPEZ	OSCAR	34261640N
1º Vogal	GONZALEZ	SOUTO	VERONICA	34993689V
2º Vogal	QUINTAS	CONDE	MARIA DEL CONSUELO	44448217G

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	JIMENEZ	REYES	ERICO	43610975P
2º Presidente/a	ROBAYO	ARAQUE	MARIA ALEJANDRA	49709558A
1º Vogal	CASTRO	GARCIA	MIGUEL	34996929Z
1º Vogal	GONZALEZ	BAUTISTA	MIRIAM	44469394K
2º Vogal	AMO DEL	RODRIGUEZ	MERCEDES	02186001N
2º Vogal	VAZQUEZ	GOMEZ	MARIA BELEN	44476836B

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
2	1	B	TORNEIROS

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	RODRIGUEZ	FERREIRO	SUSANA	44471481S
1º Vogal	QUINTAS	RODRIGUEZ	MARCOS	44484896K
2º Vogal	COELLO	PEREZ	OSCAR	44475649C

SUPLENTES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	CID	ALVAREZ	MARIA DEL CARMEN	76722181T
2º Presidente/a	FERNANDEZ	QUINTAS	SUSANA	76723746R
1º Vogal	FERREIRO	LOPEZ	ALBERTO	44467998M
1º Vogal	MORALES	FERREIRO	MANUEL	34925036L
2º Vogal	MIGUEZ	FERNANDEZ	JOSE	34599269R
2º Vogal	RODRIGUEZ	FERREIRO	ROBERTO	44471482Q

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
2	1	C	AMIADOSO

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	SUAREZ	FERREIRO	VERONICA	49068369P
1º Vogal	RODAL	OTERO	ROSA MARIA	15378386B
2º Vogal	ALVAREZ	RODRIGUEZ	ALBERTO	44458170K

SUPLENTES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	VAZQUEZ	PEREZ	NOELIA	44496251Z
2º Presidente/a	LORENZO	CID	DIANA	44476422B
1º Vogal	ALVAREZ	RODRIGUEZ	JOSE ANTONIO	34980404A
1º Vogal	GONZALEZ	GONZALEZ	MARIA	76690484C
2º Vogal	FERRO	CID	ANA	34992913T
2º Vogal	CID	PEREZ	JOSE LUIS	34947456Z

4. **Aprobación, se procede, do expediente de contratación dun subministro e adquisición dunha máquina barredora-aspiradora autopropulsada para o servizo de recollida de lixo mediante arrendamento financeiro con opción de compra (modalidade leasing).- Aprobación da convocatoria.**

Da conta o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, sinalando que a adquisición desta máquina é necesaria para cubrir as necesidades crecentes deste servizo en toda a área urbana da Vila, á vista tamén das xubilacións que, por razón de idade, se van producindo no servizo, circunstancias todas elas que aconsellan a introdución de medios mecánicos. O prego de condicións administrativas regula aspectos básicos da convocatoria como o prezo de licitación estimado en 131.890 mil euros, financiado cunha operación de leasing a un tipo básico de euribor máis un variable de 3 puntos en cinco anualidades (59 cuotas máis 1 de opción de compra), podendo presentarse as empresas proveedoras e tamén as entidades bancarias.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, reitera que o voto do seu grupo vai ser favorable, tal como xa indicara na comisión informativa, tendo en conta ademais as dificultades que ten o concello para afrontar este tipo de investimentos dado o nivel de endebedamento. Polo tanto, considera adecuada esta forma de financiar a adquisición da maquinaria necesaria para os servizos.

O Alcalde sinala que, en todo caso, a maquinaria adquirese porque hai unha partida orzamentaria coa consignación adecuada que non aumenta o endebedamento, tal como consta no informe de Secretaría. A adquisición desta máquina pode mellorar substancialmente a prestación do servizo de limpeza especialmente nos meses de verán que é cando hai un maior número de poboación.

Polo exposto,

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 25/05/2016 o Pleno pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, da subministración de dunha máquina barredora-aspiradora mediante a modalidade de leasing para integrar o equipamento do servizo municipal de limpeza viaria.

SEGUNDO. Autorizar o gasto que para este Concello representa a contratación da subministración mediante a modalidade de leasing, con cargo á aplicación presupostaria 1631.624.00 do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito suficiente até o importe aprobado polo Concello para a presente anualidade, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de subministración de dunha máquina barredora-aspiradora mediante a modalidade de leasing para integrar o equipamento do servizo municipal de limpeza viaria.

CUARTO. Aprobar expresamente a duración do contrato en 60 mensualidades para conciliar as necesidades do servizo coas propias da situación económica do concello.

QUINTO. Facultar ao Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para executar estes acordos, incluída a facultade de elevar a proposta de axudicación á mellor oferta que se presente, de conformidade coa coa proposta da mesa de contratación.

## **5. Moción do PP sobre a dotación de saneamento no medio rural.**

Do texto da moción presentada, de data 26/05/2016, da conta o concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, nos seguintes termos:

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Estamos no ano 2016, século XXI, 27 anos despois da chegada do Bloque Nacionalista Galego á Alcaldía de Allariz. Despois de tanto tempo e de ducias e ducias de millóns de euros precedentes da Xunta e do Estado, o BNG non tivo tempo de rematar o saneamento dos pobos do rural do municipio.*

*Ano tras ano, o Sr. Alcalde néganos que haxa pobos e casas do rural sen saneamento. Falta á verdade. Sí tivo tempo para investir millóns de euros no festival de xardíns, cartos que viñan destinados ao medio rural, pero que foron investidos no festival. Sen embargo, a estas alturas e despois de tantos anos ao fronte da Alcaldía de Allariz son moitas as casas dos nosos pobos que non teñen acceso ao saneamento xeral.*

*A situación é especialmente grave despois do último catastrazo, do que é responsable o BNG de Allariz, co que se deron de alta todos os galpóns, alpendres, galiñeiros e demais construcións agrícolas dos nosos pobos. Dos pobos o Sr. Alcalde acórdase á hora de pagar, pero non á hora de dotalos de servizos, nin xiquera dos máis elementais. Antes dos floripondios é obrigado dotar de auga, alcantarillado e saneamento público a todas as casas do rural. É indigno gastar cartos en cuestións non imprescindibles antes de invertilos en dotar aos nosos conveciños do rural dos servizos básicos.*

*Falta saneamento en moitas casas de pobos como*

- *COEDO, da parroquia de Coedo,*
- *O RIAL, da parroquia de San Mamede de Urrós,*
- *VILAR DE FLORES, da parroquia de Espiñeiros,*
- *AMIADOSO e SAN MARTIÑO, da parroquia de San Martiño de Pazó,*
- *AS TABERNAS, AS CRUCES e AS CURUXEIRAS, da parroquia de San Vitoiro. Solo entre As Tabernas e As Cruces hai 19 casas sen saneamento.*
- *PAICORDEIRO, da parroquia de Santiago de Allariz.*

*Pero a estas alturas do século XXI segue habendo pobos completos sen saneamento, pobos como:*

- *A QUINTA e AS PEGAS DO COTORRO, da parroquia de Coedo,*
- *QUERIOÁS PEQUENO, da parroquia de Queiroás,*
- *CASALDOIRA, da parroquia de Seoane, ou*
- *GUIMARÁS, da parroquia de Santo Estevo de Allariz.*

*É urxente reparar esta situación. Os veciños do rural, ademais de pagar os seus impostos, teñen dereito a ter os servizos máis básicos. Non hai ningunha excusa. Débese dar prioridade total a completar o saneamento de todos os pobos do municipio fronte a outro tipo de inversións.*

*No referente á presión fiscal estamos á cabeza da provincia e de Galicia. Nos servizos básicos do rural, especialmente no saneamento, non ocorre o mesmo. É simplemente inxusto. A desproporcionada presión fiscal que sofren todos os veciños de Allariz non se corresponde coa dotación dos servizos públicos de que dispoñen os pobos do rural. Non debe de haber veciños de primeira e veciños de segunda, veciños da vila e veciños dos pobos. Todos somos veciños do municipio de Allariz.*

*É absolutamente inxusto non atender as necesidades básicas dos pobos e, sen embargo, aumentar considerablemente as cargas que soportan, facendo unha revisión catastral na que se incluíron todo tipo de construcións, moitas delas abandonadas. O impacto da suba do imposto de bens inmobles (antigua contribución urbana) foi brutal en moitos bolsillos dos nosos conveciños do rural.*

*O Concello ten a obriga de tratar a todos os veciños por igual, ten a obriga de establecer unhas impostos que non afoguen aos veciños, ten a obriga de dotar dos servizos básicos a todas as casas e a todos os pobos do municipio, ten a obriga de dotar de saneamento público a todas as casas do rural que aínda hoxe carecen del.*

*En base ao exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular de Allariz solicita da Corporación en Pleno a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

**1.- Dotar de saneamento xeral a todos os pobos do municipio que carecen actualmente deste servizo, no prazo máximo dun ano.**

**2.- Completar o saneamento xeral de todos os pobos do municipio para que todas as casas teñan acceso ao saneamento, no prazo máximo de dous anos, empezando por os pobos con maior número de casas sen saneamento.**

SOLICITA:

*A inclusión da Moción que acompaña na orde do día do próximo pleno ordinario que se celebre”.*



Intervén a continuación o Alcalde sinalando que íste é un asunto recorrente, pero a realidade tamén é evidente. Recorda o Alcalde que no ano 1989 cando o BNG accedeu ó goberno municipal non había un só saneamento, precisamente, a revolta veciñal daquela tivo a súa orixe na contaminación das augas do Arnoia debido a que os verquidos se facían directamente no río, ó pé da praza de abastos. Ó longo distes anos o Concello ten feito un esforzo inmenso na dotación de saneamento público en todas as parroquias e en todos os núcleos de Allariz. Tanto é así que, na propia moción, non se citan máis de catro ou cinco pobos nos que non hai saneamento. Queiroás Pequeno, con 4 veciños; A Quinta, con 16; As Pegas do Cotorro, con 13; Casaldoira, 1 e Guimarães, 21. Éses son os núcleos que non teñen saneamento, mais algunhas casas individuais noutros núcleos, por diferentes razóns. Nalgún caso, por razóns técnicas, noutros porque non se pudo completar a rede polo propio concello, se ben, reconece, hai unha zona en San Vitoiro onde esa carencia é motivada por non investimento do concello. Pero, a realidade é que o 99,01% dos veciños do municipio teñen saneamento. Gustaríalle que todos tiveran iste servizo, sinala, e seguirase traballando nesa liña para facelo, pero ó seu modo de ver o maior problema que teñen as parroquias non é de dotación dos servizos. Afortunadamente, a transformación que ten habido en Allariz no medio rural é evidente, pero o maior problema é de actividade económica, de abandono, de envellecemento e de falta de perspectivas económicas produto das políticas que se están aplicando e que fan que o noso medio rural, en moitos casos, esté condenado á desaparición, a pesar do esforzo municipal que se ten realizado na dotación dos servizos.

Non fai falta mentir para explicar que os cartos do Festival Internacional de Xardíns non eran para saneamento; tiñan aquél destino e non se podían destinar a outros fins como o saneamento. Por outra parte, o Festival xenera unha importante actividade para o sector servizos e mesmo está moi valorado polos veciños que viven nas parroquias que disfrutan dél coas súas visitas, sinala.

Para o Concello, continúa o Alcalde, hai unhas prioridades que hai que atender que son as de apoio á actividade económica, a dinamización no medio rural, o apoio a todos aqueles emprendedores que están facendo o posible para que ese medio rural non quede desertizado; apoiar todas as necesidades derivadas do envellecemento en relación aos servizos de axuda no fogar, atención á dependencia, comida a domicilio, programas de envellecemento activo e, polo tanto, nistes eidos vanse facer uns esforzos importantes. Niste senso, a moción non é realizable porque evidentemente un investimento que pode estar cercano aos 400 mil euros en dous anos non é posible. O Concello seguirá facendo investimentos no medio rural, como se acaba de facer unha substitución dunha fosa séptica completa en Frieira, pero hai que ser sensatos e hai que actuar en función das posibilidades do que se pode realizar, por eso non vai adquirir un compromiso que non está ó seu alcance poder cumprilo. Ésa é a razón fundamental, conclúe o Alcalde.

No túrno de réplica, o concelleiro do Partido Popular sinala que se, como se dí, resulta que estamos tan ben servidos de saneamento, que hai instalacións en todos os nosos pobos, faltando tan pouquiño, cómo é posible que en dous anos non se poda facer o que falta. Evidentemente, é unha cuestión de prioridades e polo que parece ésta non entra dentro das prioridades do Alcalde, porque se tan pouco falta debería ser moi fácil facelo no prazo de dous anos, pero non entra dentro das súas prioridades como acaba de afirmar. Pero as cotas do recibo do IBI subiron en cinco anos, do 2011 ó 2016, exactamente o 60%. É dicir un recibo polo que no 2011 se pagaban 100 euros agora páganse 160 euros; se era de 200 euros agora paga 320 euros. Isto en plena crise, para eso houbo tempo. Para conseguir isto, afirma, houbo que pedir tres subidas consecutivas do valor catastral nos tres últimos anos, sen pasar polo pleno, subidas que afectan á renda, ás transmisións patrimoniais, actos xurídicos documentados, herdanzas e sucesións. Para isto, para que os recibos do IBI suban un 60%, o goberno municipal sí tivo tempo, sinala. Sen embargo, non tiveron tempo para dotar de saneamento núcleos rurais como as Quintas do Cotorro ou Queiroás Pequeno.

O número de recibos do imposto de bens inmobles de urbana no ano 2006 era de 9.154 recibos; no ano 2014, en plena crise, eran 16.951 recibos, 7.000 recibos máis. E non están computados os dos anos 2015 e 2016. Isto foi debido a que niste caso o concello tivo tempo de pedir ó Catastro para que se fixera unha revisión a fondo de todo o municipio e se deron de alta todo tipo de

galpóns, alpendres, galiñeiros e demais. O problema é que é irreversible, neste fixeron un daño inmenso. Ahí os que sufren as consecuencias, principalmente, son os do medio rural. Nise mesmo período non tiveron tempo, sen embargo, para dotar de saneamento a Casaldoira ou Guimarás, ou Paicordeiro no que lle falta.

Por outra parte, o número de parcelas edificadas no ano 2016 en Allariz (6.000 habitantes) gracias á súa petición de revisión catastral total é de 7.075 parcelas. 7.075 parcelas con edificacións catastradas, o cal parece unha barbaridade. Se comparamos, en O Barco de Valdeorras (14.000 habitantes), hai 3.687 parcelas edificadas; o Carbaliño (14.000 habitantes), ten 4.680 parcelas edificadas. Xinzo de Limia (10.000 habitantes), 6.174 parcelas edificadas. Verín (14.000 habitantes), 6.001 parcelas edificadas. Celanova, 3.350 parcelas edificadas. Está é gracias á súa presión fiscal demoledora dos últimos anos, afirma. Están aumentando a presión fiscal no concello de forma brutal, como en ningún sitio da provincia. De feito, é o municipio da provincia con maior presión fiscal. Un último dato: Ourense (115.000 habitantes), ten 17.000 parcelas edificadas. Para facer presión fiscal, tiveron tempo, afirma, pero os mais presionados son os do medio rural, porque a maioría destas parcelas saen do medio rural gracias ós galpóns, galiñeiros e demais construcións que hai no medio rural que non ten solución. O dano feito é irreversible e inmenso, reitera o concelleiro. As subidas do valor catastral durante tres anos consecutivos como antes se dixo, tamén ten consecuencias na renda e en transmisións patrimoniais. Despois desta subida tributaria non se pode afirmar que non está nas súas prioridades dotar de servizos de saneamento ós pobos de Allariz. Hai que ter un valor tremendo para facer esta afirmación, conclúe o concelleiro.

O que hai que ter é valor, replica o Alcalde, para mezclar aspectos fiscais que corresponden ó Goberno e que se adoptou coa Lei 93/2012, aquel Decreto polo que subiu o IVE, o IRPF, e resulta que agora é culpa do Concello. Eiquí, en relación á regularización catastral, efectuou a 700 unidades, filtradas coa presenza do Sr. Secretario para que, aqueles casos que eran aberrantes, que respondía a unha decisión do Goberno que fixo pagar unha taxa de 60 euros. O Concello mesmo fixo un prego de alegacións tipo para todos aqueles veciños ós que lles afectaran presentaran reclamacións.

En relación ós valores catastrais, a ponencia de valores é do ano 1999, e o Goberno estableceu un mínimo legal do 0,6% de tipo de gravamen e todos os veciños de Allariz que teñen casa eiquí e tamén casa fora, poden comparar, e saben ben o valor que teñen as súas propiedades. É certo que Allariz ten incrementado sustancialmente o número dos recibos, pero vai en consonancia co incremento das súas edificacións e tamén coa clasificación do PXOM do ano 2003. Por outro lado, tamén se téñen dado de baixa aqueles solos que non tiñan desenvolvido o planeamento, por eso non hai nada que ocultar en relación á presión fiscal. Pero se se fala de saneamento, que é do que trata a moción, reitera que é consciente das dificultades que hai, e tamén daqueles pobos que carecen dél, pero non pode aprobar un gasto duns 85.000 euros para o saneamento en Queiroás Pequeno, que xa teñen fosas sépticas individuais e cos que hai un acordo para proceder ó vaciado cunha corresponsabilidade do 50% do custe. Non hai unha actitude de non querer atender esa necesidade, pero cree que todos entenden as necesidades que hai para asentar emprego, de asentar actividade económica no medio rural que permita que eses pobos podan pervivir no futuro. Claro que se seguirán atendendo as súas necesidades, afirma o Alcalde, como se seguirán ocupando se algún non tivera auga corrente, pero é cuestión de establecer prioridades á hora de gobernar cando non se dispón de 400 mil euros para facer estas obras. O goberno municipal non dispón destes recursos, e por esta razón vaise priorizar o gasto que antes se comentou que ten moita relevancia, e moita xente entende que se faga ese esforzo. Por eso, sen prexuízo de que se vaia vendo cada ano cómo se aumentan os recursos para resolver aqueles problemas que se consideren, non se pode adquirir un compromiso en dous anos para facer este conxunto de obras. Por esta razón, o BNG non pode apoiar a moción.

Concluída a exposición, sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Votación	Nº de votos	Grupo político
SI	3	PP
NON	9	BNG

Queda rechazada a moción presentada.

## 6. Rogos e Preguntas.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, formula oralmente as seguintes:

6.1                   ¿A qué se van a destinar os 10.000 euros solicitados á Deputación para empregabilidade e 6.000 euros pedidos para xuventude?

Responde o Alcalde sinalando que a fomento do emprego.

6.2                   ¿En qué servizos?, repregunta a portavoz.

Responde o Alcalde sinalando que, obviamente, en mocidade e en fomento do emprego.

6.3                   Sendo evidente que o concello non dispón de recursos para facer en dous anos as obras mencionadas na moción [o Alcalde recórdalle á portavoz que están en rogos e preguntas], é mais importante pedir cartos á Deputación como se pediron 30.000 euros para o festival de xardíns que pedir unha axuda para apoiar un plan de obras conxunto ou un convenio para facer este saneamento nos pobos do concello. ¿Son prioritarias aquelas outras peticións?

Responde o Alcalde sinalando que non hai ningún concello da dimensión do de Allariz que teña o 99% dos pobos con servizo de saneamento. Non hai ningún, afirma. Ourense mesmo ten núcleos, como Santa Cruz de Arrabaldo, que é bastante mais amplo e con mais potencial. Non é certo, afirma, que Allariz non esté atendendo esta petición por falta de recursos económicos. Se se priorizara o servizo de saneamento fronte a outros servizos, obviamente se podería facer. Recordalle á portavoz que nesas casuísticas hai diferentes realidades e o goberno municipal opta por fomentar o emprego, manter e incrementar poboación, e por atender socialmente a todas aquelas persoas que o están necesitado, que son moitas e por moitas razóns. E os casos graves de saneamento que haxa, claro que os atenderá, afirma.

6.4                   Agora que está empezando a época de calor, ¿de qué maneira se están tratando os composteiros que se están poñendo pola Vila?, porque eran uns composteiros que, segundo se afirmou, non iban ocasionar molestias, pero que, se o tratamento non se fai de xeito adecuado, os gases e cheiros que empezan a desprender empezan a ser insoportables en algunhas zonas.

Responde o Alcalde sinalando que, para que non se teñan cheiros, non é un problema dos composteiros, é mais ben un problema de tratamento razoable do lixo. Seguirase atendendo o bo funcionamento da separación dos residuos de comidas e da materia orgánica, porque é razoable, porque economicamente non ten sentido que se pague por mandar lixo a Cerceda. Polo tanto, seguirase facendo cun bo funcionamento do servizo.

Replica a concelleira que son os veciños os que pagan polo servizo de enviar os residuos a Cerceda. Son eles os que pagan os recibos do lixo, porque a ningún veciño se nos minorou o recibo por estar reciclando en composteiros, de maneira que a recollida do lixo e o seu transporte a pagan entre todos, non a paga o concello.

6.5                   ¿Cándo se van empezar a limpar as estradas do municipio, que están as herbas pegando beira con beira e non se pasa por ningún sitio?

Recórdalle o Alcalde que se está no apartado de rogos e preguntas, porque mesmo parece que a concelleira está facendo un pleno paralelo. A continuación, responde que o concello fai o proceso de limpeza de todas as cunetas e beirarrúas en todo o término municipal (por certo –sinala- son mais de 100 kms de vías municipais), empezando cunha pasada en todo o concello, que xa empezou e aquí, nas vías de acceso a Allariz con motivo da festa do boi, como primeira medida, e agora xa se está facendo en todo o término municipal. E despois farase unha segunda pasada para que a herba non volva saír.

*E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e corenta minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

O ALCALDE

O SECRETARIO

### **PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

A continuación, en cumprimento do disposto no regulamento de participación cidadá, abriuse un turno de intervencións entre os asistentes.

Sobre o asunto do saneamento, unha veciña sinala que lle parece ben que se compre unha máquina para facer a limpeza das rúas e vías públicas en xeral como acaba de escoitar, pero nos pobos tamén queremos eso, a nova tecnoloxía, sinala, e que todos os veciños sexan todos iguais, como tamén o son á hora de pagar. Piden o mesmo que se lles da ós demais. Saben que o servizo que demandan custa moito diñeiro pero tamén á hora de pagar un recibo ninguén lle pregunta si poden ou non poden pagalo. Por eso, xa están algo cansos, porque xa levan uns anos; ela mesma leva vinte e pico anos vivindo na súa casa sen saneamento. Desde hai catro anos, empezou pagando 200 euros [de IBI] e agora leva mais de 600, e o seu soldo segue sendo o mesmo.

Outra veciña dí que antes vivía noutro concello e sabe que, cando se puxo o saneamento, custou moito facelo, pero alí puxéronllo igual a todos, independentemente do seu custe.

Responde o Alcalde sinalando que o IBI non ten nada que ver, é só unha fonte de ingresos municipais mais. O saneamento depende de moitas circunstancias, obviamente, cando se fixeron obras de saneamento en San Vitoiro, conectáronse todas as casas que podeideron facelo. É certo que hai casas mais ailladas onde as obras non son menores, salvo o caso da zona das Cruces que efectivamente sería mais executable, pero tamén se fixeron obras de saneamento desde as propias Cruces ata a Pedreira, ata o núcleo que se comparte coa Merca, as obras que hai que facer son realmente costosas en relación ós veciños que hai. En algúns casos, hai casas que a súa conexión técnica é imposible porque non se pode facer unha fosa séptica para un par de vivendas porque desde o punto de vista económico o mais lóxico é que haxa unha fosa individual e

o concello pode arbitrar medidas para que o vaciado desa fosa sexa a costa do propio concello ou contribuíndo nun 50%, como se ten feito en moitos casos. Pero, reitera, o IBI non ten nada que ver, é un imposto xeral que non ten que ver con esta dotación. Recorda tamén que a construción das vivendas debería levar aparellada a dotación dos servizos correspondentes. Reitera que como Alcalde é consciente desas necesidades e intentará ó longo das vindeiras consignacións orzamentarias ilo facendo, pero non pode asumir un compromiso que xa sabe que non vai poder cumprir ó cen por cen.

A participación veciñal concluiu ás vinte horas e corenta e cinco minutos.

O ALCALDE

O SECRETARIO,